

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
MAM	Madeira, moble e cortiza	CD1MAM001100	Carpintaría e moble	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3077	Materiais e produtos téxtiles	2024/2025	3	88	88

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ ALBERTO ÁLVAREZ PEITEADO
Outro profesorado	

Estado: En revisión XD

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación asociada á función de recoñecemento de artigos, peles, materiais textiles e elementos complementarios, así como a súa recepción e o seu almacenamento.

A definición desta función abrangue aspectos como:

- Diferenciación de artigos, peles e materiais textiles en función das súas características e das súas aplicacións.
- Xestión de almacén.

A formación do módulo relaciónase cos obxectivos xerais a), b), d) e i) do ciclo formativo, e coas competencias profesionais, persoais e sociais b) e i). Ademais, relaciónase cos obxectivos t), u), v), w), x), y) e z), e coas competencias r), s), t), u), v), w) e x), que se incluírán neste módulo profesional de xeito coordinado co resto de módulos profesionais.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar as competencias do módulo han versar sobre:

- Caracterización de artigos e materiais textiles, e con elementos complementarios.
- Almacenamento e control da rastrexabilidade de artigos e materiais textiles.

O ámbito produtivo no sector da carpintería e do moble no ámbito de Santiago de Compostela está formado por unha atomización de pequenas empresas, mais algunha de gran tamaño. As súas principais actividades son: fabricación de mobiliario, fabricación de elementos de carpintería, instalación de mobles e instalación de elementos de carpintería.

O sector do tapizado dentro das empresas do moble é residual ou case inexistente na comarca. Existen algunhas microempresas, ou autónomos con algún empregado.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Os produtos téxtiles.	Produtos téxtiles. Diferenciar as fibras téxtiles, as telas e o proceso de fabricación.	25	30
2	Etiquetas e albará	Recepción de mercadorías, e interpretación de etiquetas normalizadas.	10	14
3	Produtos auxiliares e complementarios.	Identificación e recepción dos elementos complementarios.	15	18
4	Almacenamento de produtos téxtiles.	A almacenaxe de produtos téxtiles.	20	18
5	Control de existencias	O control de existencias do almacén textil.	18	20

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Os produtos téxtiles.	25

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recibe materiais e produtos téxtiles, e distingue as súas propiedades e as aplicacións	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Diferenciáronse os materiais (tecidos, peles, elementos complementarios, etc.), en relación coas súas características e a súa aplicación
CA1.3 Clasificáronse os materiais en función das súas características (natureza, tamaño, grosor, defectos, etc.) e segundo a súa orixe e aplicación
CA1.4 Recoñecéronse os defectos e as anomalías máis frecuentes, tanto os de orixe natural como os derivados dos procesos de fabricación
CA1.5 Descríbíronse os procesos básicos de produción de materiais, obtención de peles e produtos téxtiles
CA1.6 Descríbíronse as propiedades e as características que transmiten os tratamentos ás materias primas (branqueamento, tintura, aprestos, etc.)

4.1.e) Contidos

Contidos
0Tecidos non tecidos: características e obtención.
Pel e coiro: natureza, clasificación, características, propiedades, procesos de transformación e aplicacións en confección. Principais defectos.
Normativa referente á etiquetaxe de produtos téxtiles, accesorios e fomituras.
Identificación de materiais en función da súa natureza e das súas características.

Contidos
<p>Presentación comercial de materiais, peles e produtos téxtiles.</p> <p>Detección de defectos e anomalías nos materiais.</p> <p>Fibras naturais, artificiais e sintéticas: clasificación, características, propiedades.</p> <p>Fíos: tipos, identificación e procesos de transformación.</p> <p>Tecidos: calada e punto.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Etiquetas e albará	10

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recibe materiais e produtos téxtiles, e distingue as súas propiedades e as aplicacións	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as mercadorías recibidas co contido do albará
CA1.7 Interpretáronse etiquetas normalizadas de composición e conservación
CA1.8 Verificouse a coincidencia das etiquetas coas especificacións da ficha técnica do material ou do produto
CA1.9 Empregouse tempo e esforzo en ampliar coñecementos e información complementaria

4.2.e) Contidos

Contidos
Operacións e comprobacións na recepción.
Normativa referente á etiquetaxe de produtos téxtiles, accesorios e fornitureas.
Documentos de entrada de produtos.
Lectura e interpretación de etiquetas e de documentación técnica.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Produtos auxiliares e complementarios.	15

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recibe elementos complementarios, tendo en conta a relación entre as características destes e as súas aplicacións	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Determinouse a composición do lote recibido e as súas medidas de protección
CA2.2 Comprobouse que os elementos recibidos se correspondan cos solicitados
CA2.3 Identificáronse os elementos de recheo, de reforzo, de adorno, de suxeición, etc
CA2.4 Diferenciáronse os elementos complementarios en relación coas súas características e a súa aplicación
CA2.5 Clasificáronse os elementos complementarios, empregando a terminoloxía correcta
CA2.6 Verificouse a coincidencia das etiquetas coas especificacións da ficha técnica do material ou do produto

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Lectura e interpretación de etiquetas e de documentación técnica.</p> <p>Identificación de elementos complementarios en función da súa natureza e das súas características.</p> <p>Presentación comercial de elementos complementarios.</p> <p>Detección de defectos e anomalías.</p> <p>Pegamentos e colas, siliconas e disolventes: características e aplicación en confección.</p> <p>Fornituras e avíos.</p> <p>Complementos. Complementos de recheo ou reforzo.</p> <p>Tinturas e ceras: tipos e aplicacións.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Almacenamento de produtos téxtiles.	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Almacena os materiais e os produtos téxtiles e elementos complementarios, e xustifica a súa situación e as súas condicións de almacenamento	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Agrupáronse os produtos segundo a súa orixe e a súa aplicación
CA3.2 Indicáronse as condicións básicas de manipulación e conservación das materias téxtiles, das peles e dos elementos complementarios

Criterios de avaliación
CA3.3 Identifícaronse os defectos ocorridos como consecuencia dunha mala manipulación ou dun mal almacenamento
CA3.4 Relacionáronse as condicións ambientais (temperatura, humidade, luz, ventilación, etc.) e o procedemento de colocación no almacén coa integridade dos produtos almacenados
CA3.5 Asegurouse a rastrexabilidade dos produtos almacenados
CA3.6 Relacionáronse os tipos de presentación e embalaxe cos requisitos de almacenaxe e transporte
CA3.7 Indicáronse as condicións básicas de almacenamento e acondicionamento de materiais téxtiles, peles e elementos complementarios
CA3.8 Respectáronse e aplicáronse as medidas de seguridade e prevención de riscos no almacén
CA3.9 Mantívose sempre o almacén limpo e ordenado

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Identificación e codificación de produtos.</p> <p>Almacenamento de materiais.</p> <p>Manipulación de artigos e materiais.</p> <p>Colocación, ordenación e óptimo aproveitamento do espazo.</p> <p>Limpeza e mantemento dos materiais téxtiles e de pel.</p> <p>Medidas de prevención de riscos no almacenamento e na manipulación.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Control de existencias	18

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Controla as existencias do almacén e xustifica a almacenaxe mínima	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Realizouse o inventario de produtos existentes no almacén, elaborando partes de incidencia en caso necesario
CA4.2 Describiuse a documentación técnica relacionada co almacén
CA4.3 Relacionouse a almacenaxe mínima co tempo de aprovisionamento dos/das provedores/as
CA4.4 Identificáronse os tipos de almacenaxe e de inventario, e as súas variables
CA4.5 Sinaláronse os mecanismos que se empregan para asegurar a renovación de almacenaxes
CA4.6 Aplicáronse ferramentas informáticas no control do almacén
CA4.7 Rexistráronse as entradas e as saídas de existencias, actualizando os arquivos correspondentes
CA4.8 Elaborouse con claridade a información asociada ao control do almacén, de maneira ordenada, estruturada, clara e precisa
CA4.9 Valorouse a relevancia do control de almacén no proceso produtivo

4.5.e) Contidos

Contidos
Xestión dun pequeno almacén.
Control de existencias. Tipos de almacenaxe.
Aplicación de tecnoloxías da información e da comunicación na xestión do almacén. Follas de cálculo, procesadores de texto e aplicacións específicas.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar as competencias do módulo han de versar sobre:

Caracterización de artigos e materiais téxtiles, e con elementos complementarios.

Almacenamento e control da rastrexabilidade de artigos e materiais téxtiles.

Para acadar avaliación positiva:

Cualificarase ós alumnos/as en sesións de avaliación unha vez ó final de cada trimestre.

A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10, considerándose aprobados todos os alumnos/as que obteñan unha cualificación igual ou superior a 5.

A avaliación final sera a media ponderada de cada unha das avaliación trimestrais,

Para superar cada unha das unidades didácticas é preciso superar os mínimos exigibles.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

RECUPERACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO

O alumno que non supera o módulo na avaliación final pode facer unha proba de recuperación no mes de xuño. Consistente na realización dunha proba teórica donde se tratarán todos os temas das unidades

didácticas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

No mes de xuño o alumnado con perda de dereito a avaliación continua ten a opción de superar o módulo. Para este suposto debe superar todas as unidades didácticas a través do seguinte instrumento de avaliación:

- Proba escrita de cada unha das Unidades Didácticas.

É necesario obter como mínimo unha nota de 5 en cada unidade didáctica, para recuperar o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O sistema de xestión de calidade (SXC) establece a obriga de realizar un seguemento mensual da programación, tanto nas reunións do Equipo Docente, como nas reunións do Departamento de Madeira, Moble e Cortiza. A finalidade destas reunións é analizar o nivel de cumprimento do programado, así como a valoración dos resultados académicos obtidos, incluíndo se é preciso, propostas de mellora que podan ser interesantes cara ó vindeiro curso (e incluíndoas na memoria final do departamento). Asemade, despois de cada trimestre, elaborárase un cuestionario para que o alumnado poida avaliar a práctica docente, o cumprimento do programa e propoñer melloras. Este proceso repetirase ao final do curso con outro cuestionario, co fin de averiguar o grado de conformidade do alumnado co módulo en xeral.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao principio de curso, unha vez pechado o prazo de matrícula, o equipo docente celebraremos unha xuntanza de avaliación inicial para coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a. Nesta avaliación o titor/a dará toda a información dispoñible sobre as características xerais do grupo.

En base a toda esta información tomaranse os acordos pertinentes, especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización modular na duración das ensinanzas.

Na primeira semana do curso realizarase unha proba de coñecementos básicos e relacionados coa materia do módulo que influirá en gran medida nos contidos mínimos esixibles.

Terase en conta a valoración por parte do equipo `departamento de orientación, que interpretará a inquisa realizada a cada alumno/a.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivación, interese, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais ...) constitúen o punto do que partimos para evitar que as diferenzas se convertan en desigualdades e desvantaxes entre o alumnado. Este obxectivo só é alcanzable se a aula ordinaria se converte nun referente básico e o titor no eixo principal da resposta educativa á diversidade e, singularmente, aos alumnos con necesidades especiais. A responsabilidade non debe desplazarse do titor aos distintos profesionais. Polo contrario, estes deben colaborar con aquél, dacordo coa proposta curricular, nun auténtico traballo interdisciplinar e de equipo. Para acadar este obxectivo tomaremos as seguintes medidas de reforzo:

- Agrupamento de alumnos.
- Traballo de ampliación de coñecementos adicionais para os máis avanzados.
- Apoio por parte do profesor para os alumnos con dificultades.
- Os alumnos máis avanzados axudarán aos compañeiros con dificultades de aprendizaxe.

9. Aspectos transversais**9.a) Programación da educación en valores**

Aínda que a educación e valores é un aspecto que debería de vir moi traballado das etapas educativas anteriores, farase fincapé sobre o respecto cara o traballo dos compañeiros/as, xa que é fundamental á hora de fornecer os vínculos no mundo laboral. Fomentarase as relacións entre o alumnado intercambiando técnicas de traballo e poñendo suma atención a que ningún alumno/a do grupo se sinta ou este discriminado. O coidado do medio ambiente e outro dos aspectos a desenrolar, poñendo especial interese no aproveitamento dos materiais, no reciclado dos refugallo, en evitar todo o posible calquera tipo de contaminación ambiental, vertido tóxico, nocivo para o ser humano...

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias serán as que se establezan nas reunións de equipo ó longo do curso.

10. Outros apartados

10.1) Comunicación da programación

A programación do módulo é explicada ao alumnado ó comezo do curso: mínimos exixibles, criterios de cualificación, contidos, etc.

Comúnicáselle que poden consultala na "Aula Virtual" do centro.

Eles firman un documento conforme foron informados destes aspectos.